

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 28.09.2023 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de setembro de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elaboración do Ditame, á vista do Informe da Ponencia, do Proxecto de lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 53855, 11/PL-000023)
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 569, do 26.09.2023

Punto 2. Pregunta

2.1 59173 (11/POC-010890)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre os datos de emprego do mes de agosto en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia no que se refire ás políticas orientadas a afrontar as debilidades do mercado laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 562, do 14.09.2023

Punto 3. Proposición non de lei

3.1 50093 (11/PNC-004264)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver unha política económica que apoie a capacidade adquisitiva e o benestar das familias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 22.02.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Noa Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión
Firmado digitalmente por
Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2023.09.25
16:02:18 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2023 16:02:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/09/2023 09:03:43
Nº Rexistro: 17308
Data envío: 26/09/2023 09:03:43.478

CSV: REXISTRO-DF8stKyId-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Noa Presas Bergantiños

BNG

Vicepresidente

Fernando Pérez Domínguez

P

Secretario

Manuel Santos Costa

P

Vogais

Gonzalo Caballero Miguez

S

Ramón Fernández Alfonzo

BNG

María Guadalupe Murillo Solís

P

José Alberto Pazos Couñago

P

Daniel Pérez López

BNG

Carmen María Pomar Tojo

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Cristina Sanz Arias

P

Katherinie Varela Fernández

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do Ditame, á vista do Informe da Ponencia, do Proxecto de lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2. Pregunta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 59173(11/POC-010890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre os datos de emprego do mes de agosto en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia no que se refire ás políticas orientadas a afrontar as debilidades do mercado laboral

Publicación da iniciativa, 562, 14.09.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 17:00:07
Nº Rexistro: 59173
Data envío: 07/09/2023 17:00:07.603

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á situación socio-económica e laboral na Galiza que se reflicte nos datos do desemprego no mes de agosto do SEPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha análise seria e responsable da situación social, económica e laboral do noso país esixe un estudo de conxunto de diferentes indicadores. O estudo deses indicadores como elementos estanco impide ter unha visión global da realidade socio-económica galega e limita (e condiciona) a adopción por parte do goberno galego, dentro das súas competencias, de medidas realmente efectivas que permitan transformar e mellorar a nosa realidade.

Os datos de desemprego de Galiza do mes de agosto, publicados polo Servizo Público de Emprego Estatal fai uns días, analizados con rigor e perspectiva, amosan que o noso mercado de traballo segue a sufrir de determinados males que xa podemos definir como estruturais.

En relación ao mes de xullo, en agosto hai máis persoas desempregadas no SEPE (+0,22%), mentres descende a afiliación á seguridade social en 4.217 persoas (-0,4%) . Nunha economía como a galega, excesivamente dependente do sector servizos e

CSA-REXISTRO-CURAMTEL-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/09/2023 17:00:07

Nº Rexistro: 59173

Data envío: 07/09/2023 17:00:07.603

do turismo, hai que vincular eses datos á estacionalidade e á previsión de descenso do número de visitantes na chamada tempada baixa.

Son datos que manifestan a debilidade do noso mercado laboral, precisamente por ter unha economía excesivamente dependente do sector servizos (e polo tanto da estacionalidade) mentres a industria languidece no noso país. A estacionalidade que impera no sector servizos segue a condicionar os datos de afiliación e provoca a caída dos contratos indefinidos mentres aumentan os temporais. Os datos do SEPE evidencian que foi, máis unha vez, no sector servizos (o máis precario, temporal e con salarios máis baixos) onde se rexistraron as novas persoas desempregadas. E que de novo as mulleres sofren dunha maior inestabilidade laboral, ao haber un 0,7% de desempregadas máis en relación co mes anterior, mentres entre os homes o paro baixou. A isto hai que hai que sumarlle un descenso do número de contratos asinados en agosto; e dos asinados, aumentan os temporais. De novo, a temporalidade e a precariedade.

Ademais, no relativo aos salarios e pensións Galiza segue a ocupar os vagóns de cola, xa non só respecto a Europa (a remuneración media mensual galega é un 25,3% máis baixa que a media europea), senón tamén en relación á remuneración media española, 150 euros máis alta.

Esta situación laboral comunica de xeito directo coa socio-económica. Así, a Enquisa de Condicións de Vida publicada polo Instituto nacional de Estatística antes do verán alertaba do feito que un de cada catro galegos e galegas se atopa en risco de pobreza ou exclusión social. O que supón que o 23,6% da cidadanía galega está nesa situación. Unha porcentaxe que diminúe lixeiramente en relación ao ano anterior pero que é, en calquera caso, moi elevada. Ademais, un 39,1% de galegos e galegas non pode permitirse ir de vacacións, e o 29,3% non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/09/2023 17:00:07

Nº Rexistro: 59173

Data envío: 07/09/2023 17:00:07.603

É evidente que entre o laboral, social e económico hai vaso comunicantes, que explican a realidade actual da Galiza.

Por todo isto é imprescindible un cambio de rumbo nas políticas implementadas até o de agora polo goberno galego, para así impulsar os nosos sectores produtivos e, nomeadamente, a industria, que se amosa coma un piar para fortalecer a nosa economía, favorecendo a creación de emprego estable e de calidade que mellore a situación das maiorías sociais do noso país.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Como valora o goberno galego os datos de desemprego rexistrado do mes de agosto?
- Considera que eses datos amosan un mercado laboral forte e dinámico?
- Considera o goberno galego que a nosa economía depende en exceso do sector servizos?
- Considera o goberno galego que a temporalidade é un problema estrutural do mercado de traballo galego?
- Cal considera o goberno galego que é a causa da temporalidade?
- Que medidas pensa aplicar para atallar a temporalidade?





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 17:00:07
Nº Rexistro: 59173
Data envío: 07/09/2023 17:00:07.603

- Considera o goberno galego que as políticas aplicadas até o de agora resolveron a concreta problemática de mulleres e xente moza dentro do mercado de traballo galego?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/09/2023 16:52:23

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2023 16:52:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/09/2023 16:52:39



CSV REXISTRO-CuP&M&Lr-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 50093(11/PNC-004264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver unha política económica que apoie a capacidade adquisitiva e o benestar das familias

Publicación da iniciativa, 458, 22.02.2023



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:49:10
Nº Rexistro: 50093
Data envío: 16/02/2023 13:49:10.756

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A inflación en Galicia situouse en xaneiro nunha taxa interanual do 6,4 %, mesma cifra que a rexistrada en decembro e cinco décimas por riba da española, á vez que os prezos dos alimentos creceron por riba do 15 % en Galicia. Os prezos crecen máis en Galicia que en España.

En cambio, os salarios non se están vendo incrementados na mesma proporción. Os últimos datos sobre custes laborais, do Instituto Nacional de Estatística, amosan que no terceiro trimestre de 2022 o custe laboral medio por persoa traballadora e mes aumentou en Galicia un 3,1% con respecto ao mesmo período de 2021, ata os 2.497,28 euros, mentres que na media de España a suba foi ata os 2.754,75 euros.

Canto ás pensións, logo da suba do 8,5 % aprobada polo goberno de España, a nómina media dos pensionistas de Galicia situouse en xaneiro de 2023 en 1.015,78 euros, lonxe dos 1.189,12 euros da media nacional.

Neste escenario, a Enquisa Conxuntural a Fogares que publica o Instituto Galego de Estatística alerta de que os fogares que están tendo que tomar medidas para axustar a economía familiar está á alza. Os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación recollen que cada galego ou galega



CSM-REXISTRO-RUHLVW2x-0

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:49:10
Nº Rexistro: 50093
Data envío: 16/02/2023 13:49:10.756

incluso reduciu o seu consumo de alimentación, pasando dos 49,38 quilos de comida en novembro de 2021 aos 44,48 do mesmo mes de 2022, o último informe dispoñible, a pesares do cal o custe per cápita aumentou: de 131,78 euros a 133.

A situación económica afecta á renda e á capacidade adquisitiva das familias nun contexto de crecemento dos tipos variables dos préstamos hipotecarios, polo que moitas familias galegas teñen dificultades para chegar a fin de mes, e cómpre tomar medidas para apoiar ás persoas, especificamente a aquelas que están en situación máis vulnerable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe detallado, en colaboración co Consello Económico e Social, sobre a evolución económica das familias galegas, sobre a situación da desigualdade económica e os riscos de pobreza e exclusión existentes na economía galega.
2. Desenvolver unha política económica que apoie a capacidade adquisitiva e o benestar das familias galegas nun contexto de suba dos prezos e os tipos de xuro, desenvolvendo programas específicos para as persoas e familias con maior vulnerabilidade.
3. Respalda a suba do salario mínimo interprofesional de febreiro de 2023, así como apoiar o incremento das pensión contributivas e non contributivas co fin de que non perdan poder adquisitivo, demandando que se fagan esforzos específicos para subir as pensións máis baixas.
4. Desenvolver medidas para respaldar o consumo dos fogares, especialmente dos bens de alimentación e primeira necesidade, incluíndo a recuperación da tarxeta básica.



CSV REXISTRO-RUXHJWZx-0
Verificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:49:10
Nº Rexistro: 50093
Data envío: 16/02/2023 13:49:10.756

5. Subir o complemento autonómico das pensións non contributivas como mínimo para actualizar o importe nominalmente ata que manteña o valor real de cando foi establecido neste mesmo ano e comprometerse a aumentalo nos vindeiros orzamentos.
6. Adoptar as medidas fiscais e orzamentarias, incluíndo a eliminación da rebaixa do imposto de patrimonio, que permitan volver ao sistema de libros de texto gratuítos, establecer a gratuidade dos comedores escolares e poñer as primeiras matrículas universitarias gratis para liberar de cargas económicas e custes ás familias.
7. Establecer unha liña de apoio ás familias en situación de vulnerabilidade que teñan que facer fronte a un alto incremento de pagos hipotecarios polo crecemento dos tipos de xuro.

Santiago de Compostela, 16 de Febreiro de 2023

**Gonzalo
Caballero
Míguez**

Firmado digitalmente
por Gonzalo Caballero
Míguez
Fecha: 2023.02.16
13:34:03 +01'00'

**Matilde Begoña
Rodríguez
Rumbo**

Firmado digitalmente por
Matilde Begoña
Rodríguez Rumbo
Fecha: 2023.02.16
13:34:53 +01'00'

**Luis Manuel
Álvarez
Martínez**

Firmado digitalmente
por Luis Manuel
Álvarez Martínez
Fecha: 2023.02.16
13:34:53 +01'00'



CSV REXISTRO-RXJHJWZx-0
Verificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2023 13:34:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/02/2023 13:34:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/02/2023 13:34:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2023 13:49:10
Nº Rexistro: 50093
Data envío: 16/02/2023 13:49:10.756

